

PROXECTO LECTOR DE CENTRO

ANTONIO BLANCO RODRÍGUEZ COVELO

A incidencia dos problemas relacionados coa lectura no fracaso escolar é evidente. Por iso é cada día máis urxente deseñar un rigoroso PROXECTO LECTOR DE CENTRO no que estean programados e avaliados os distintos tipos de lectura. A didáctica da lectura só é posible dende unha óptima biblioteca escolar que será o corazón da escola, o eixo sobre o que xire todo o desenrolo do currículo, o motor do cambio e a mellora do sistema educativo, ademais das outras actividades que se podan desempeñar como fomento da lectura no centro, e, máis tarde e como consecuencia, do entramado social en tódolos aspectos culturais, éticos e estéticos.

1. INTRODUCCIÓN

A Lectura é un dos bens estruturadores dunha sociedade que se transforma cara a niveis óptimos de desenvolvemento e progreso. É un instrumento vital de integración e democratización, canle para acceder ao coñecemento, chave de transformación social e ferramenta para unha participación consciente e libre dos individuos.

Que os nosos alumnos/as teñan hábito lector vai favorecer a reflexión, o pensamento abstracto, o xuízo crítico, a imaxinación..., ademais de ser imprescindible para o acceso ao patrimonio cultural universal.

Deste xeito, ofrécese como un dereito das persoas e resulta un apoio de indudable valor para o progreso da nosa sociedade en xeral, e do noso centro en particular.

A Sociedade na que nos toca vivir precisa de persoas hábiles na selección e utilización das fontes informativas. Neste contexto, a lectura comprensiva e o dominio das técnicas informacionais resultan decisivos para transformalos en coñecemento e aplicalos no ámbito correspondente.

Pola parte que nos toca temos que ser capaces de que a lectura procure goce a quen está disfrutando dela, á vez que se converta en canle de coñecemento das creacións literarias doutras persoas que conteñen a memoria da humanidade. A formación ética, existencial e emocional dos seres humanos pasa pola lectura.

En Galicia, por suposto, temos que prestarlle especial atención á lectura en galego, dado que a nosa lingua singularízanos con voz propia no contexto das culturas mundiais. Todo isto, sen descoidar, por suposto, a lectura en castelán.

Un reto importante é involucrar as familias na creación de ámbitos afectivos favorecedores, nos que os nenos e as nenas galegos medren alimentados con palabras e historias, con libros e, información ou, creación noutros soportes para o texto escrito, para que a lingua permaneza viva e os rapaces desenvolvan e consoliden os seus hábitos de lectura a través do exemplo das condutas lectoras dos seus maiores, ademais dun trato grato e íntimo coa palabra escrita.

Necesitamos un proxecto de intervención decidida e comprometida e propoñémonos como meta que a lectura acade o papel protagonista que debe ter no noso Centro (en particular) e na sociedade (en xeral).

2. MARCO LEGAL

O marco legal que tomamos de referencia para elaborar o noso Proxecto Lector é o seguinte:

A Lei Orgánica 8/2013, 9 de Decembro (LOMCE).

O decreto 105/2014, 4 de Setembro polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 18 fai referencia ás bibliotecas escolares e ó Proxecto lector do centro. Así como o decreto 330/2009, 4 de Xuño, polo que se establece o Currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo tanto o Proxecto Lector integrará todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas.

3. ANÁLISE DAS DIFICULTADES LECTORAS DO CENTRO

O noso proxecto lector parte dun proceso de observación e análise profundo (por parte dos diferentes titores dos cursos) das dificultades coas que a miúdo se enfronta o neno/a. Neste senso queremos partir da realidade e ser coherentes á hora de subsanalas.

Dificultades atopadas:

- 1.-Falta de motivación cara a lectura por parte dos alumnos/as e das familias.
- 2.-Deficiente expresión oral e escrita: escasa fluidez verbal, vocabulario, capacidade crítica...
- 3.-Escaso afianzamento da base das aprendizaxes da lecto-escritura: atención, orientación espacio-temporal, lateralidade...
- 4.-Escaso dominio mecánico da lectura e da escritura.
- 5.-Escasa comprensión lectora.

Debemos deixar claro que son dificultades que non presentan tódolos alumnos/as pero, dado que a lectura comprensiva é para nós o instrumento fundamental no desenrolo de capacidades e na formación integral do alumno, tentaremos solucionar as dificultades traballando e reflectindo os logros conquistados nas memorias anuais.

Non cabe dúbida de que no noso Centro como na meirande doutros séguese un proxecto lector implícito. Aquí programamos actividades para fomentar o hábito lector, para mellorar a competencia lectora, para adquisición de habilidades no uso da información... Todas elas forman parte dese Proxecto Lector “oculto”, non son actividades sistematizadas nin aparecen moitas veces nas programacións pero forman parte imprescindible do proceso de ensino-aprendizaxe do noso centro.

4. OBXECTIVOS PROXECTO LECTOR:

OBXECTIVOS XERAIS

- Incluir no PEC, PCC e PXA a idea da necesidade da lectura, adicándolle os recursos materiais e persoais que requira.
- Implicar ao profesorado do Centro para que realice un plan de lectura anual que se incluíra na PXA
- Favorecer o gusto pola lectura como alternativa de ocio e como recurso para o desenrolo integral dos nosos alumnos/as
- Mellorar a competencia lectora do alumnado tanto a nivel mecánico como a nivel de comprensión, dándolle significatividade , utilidade e espírito crítico ao aprendido.

- Implicar ás familias no Proxecto Lector.
- Fomentar o uso da biblioteca do Centro como recurso para “Aprender a aprender”
- Elaborar estratexias para erradicar, na medida do posible, as dificultades atopadas nalgúns dos nosos alumnos.
- Dinamizar as bibliotecas de Centro e de Aula, a través de actividades atraentes para toda a comunidade escolar.
- Favorecer o uso dos recursos informáticos e internet para a obtención de información, ademais dos xa coñecidos: xornais, folletos, revistas, anuarios....
- Potenciar o uso da biblioteca municipal.
- Implicar ao profesorado en actividades de formación neste ámbito.

RELACIONADOS COAS ÁREAS CURRICULARES DE E.INFANTIL

- Fomentar o gusto e interese pola lectura.
- Iniciarse no coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes.
- Fomentar a creatividade imaxinando e inventando.
- Desenvolar a capacidade de escoitar e atender.
- Desenvolar a capacidade de expresión e comunicación (oral, xestual, escrita...)
- Iniciar a aprendizaxe da lectura e escritura secuenciadamente.
- Acadar o máximo nivel de aprendizaxe da lectura e da escritura.
- Favorecer a maduración integral do alumno/a a través do desenvolvemento das habilidades mentais básicas.

RELACIONADOS CO CURRÍCULO DE PRIMARIA

- Desenvolar as habilidades lectoras perceptivas para conquistar a suficiente fluidez en cada nivel.
- Mellorar a comprensión lectora, non só no que se refire á área lingüística senón nas diversas materias do currículo.
- Proporcionar ao alumnado claves de lectura para adquirir capacidades de análise, síntese e asimilación e estruturación do que len.
- Ampliar o vocabulario para mellorar a comprensión.
- Desenvolar a memoria e a atención.
- Ler oralmente con entoación, pausas e expresividade, todo tipo de textos, e en todo tipo de soportes e con todo tipo de finalidades.
- Favorecer a expresión oral dos nosos alumnos a través de actividades atraentes e motivadoras.

RELACIONADOS COA COLABORACIÓN FAMILIA-CENTRO

- Dar información a tódalas familias sobre o contido do Proxecto Lector (Publicalo na páxina web do cole)
- Facilitar aos pais/nais, títulos recomendados para as distintas idades relacionados coa educación en valores ou outras temáticas (Páxina web do cole)
- Implicar ás familias na actividade lectora dos seus fillos.
- Iniciar talleres de contacontos a cargo dos pais, nais, avós dos alumnos do centro.

5. BIBLIOTECA DE CENTRO

A biblioteca será o corazón da escola, o eixo sobre o que xire todo o desenrolo do currículo, o motor do cambio e a mellora, en primeiro lugar do sistema educativo, e, máis tarde e como consecuencia, do entramado social en tódolos aspectos culturais, éticos e estéticos. Pero reivindicala biblioteca non é pedir un espléndido espazo físico cheo dos materiais libraríos e non libraríos máis sofisticados e futuristas. É enarbolar unha bandeira que rebose compromiso, autocrítica e vontade de transformación. Que ninguén crea que a biblioteca será, en si mesma, a solución a ningún problema, xa sexa este académico, estrutural ou cultural. Pode ser a terra fértil sobre a que xermolará o bosque máis exuberante si se regan mestres, pais, alumnos e bibliotecarios dispostos a levar a cabo unha revolución consensuada e tolerante, realista pero valente. Terán que empregar fertilizantes “ecolóxicos” e vanguardistas: respecto, diálogo, cooperación, igualdade, honestidade e senso común.

A biblioteca escolar será un auténtico centro de recursos, un manantial eterno de información, de suxerencias, de actividades socioculturais e a vez festivas, una fonte inesgotable de ferramentas para ampliar o coñecemento e, ó mesmo tempo, o berce da fantasía, o fogar do poético, o curruncho da palabra serena, a amizade, a liberdade e os soños. As administracións teñen unha gran responsabilidade neste terreo, pero non son as únicas culpables da situación actual. O profesorado ten moito que dicir, moito que cambiar e moito ao que comprometerse. Non podemos seguir escondendo a testa e xustificando a nosa apatía e falta de formación porque non se fai nada.

Non temos medios nin económicos nin persoais suficientes, pero ¿non é menos certo que escasea, por parte da maioría dos mestres e bibliotecarios, o interese por avanzar e levar a cabo proxectos comprometidos e innovadores? Se os docentes estiveran decididos a transformar as súas costumes didácticas, a elaborar bos e minuciosos proxectos de lectura e biblioteca, se levarían por diante a apatía da Consellería da Educación e se converterían en prioridades programáticas para os partidos políticos.

A biblioteca escolar aportará moitas vantaxes á escola, pero tamén esixirá o compromiso entusiasta e decidido dos diversos axentes da educación lectora: mestres, bibliotecarios, pais, estudantes e lexisladores. Ningún deles poderá delegar noutros súas responsabilidades nin incumplir o seu papel porque botaría a perder o traballo de todos. Trataremos de definir máis adiante as aportacións da biblioteca o proceso de ensinanza/aprendizaxe que se leva a cabo na escola e os compromisos que terán que asumir tódolos membros da comunidade escolar. Antes comezaremos por expoñer nitidamente que modelo da biblioteca escolar propugnamos, que pedimos concretamente as distintas administracións públicas sobre a nosa biblioteca escolar e que relacións poden establecerse entre estas e as bibliotecas públicas.

CARACTERIZACIÓN

A Biblioteca escolar pretendemos que sexa un centro dinámico de aprendizaxe, integrado na escola para informar, instruír e recrear aos alumnos/as. Desexamos que a biblioteca se transforme pouco a pouco nunha aula didáctica onde o alumno/a profundice coñecementos, consuma lectura, investigue, integre coñecementos, curiose e faga labor de grupo, para cumprir dúas funcións que xustifiquen a súa existencia:

- Estimular a lectura.
- Satisfacer o goce pola lectura para desenrolar a capacidade de razoamento, de crítica e de síntese.

¿Que funcións debe desempeñar a biblioteca escolar ?

1. *Recompilar a documentación* do centro, así como os materiais/recursos didácticos relevantes, independentemente do soporte.
2. *Organizar os recursos* de tal modo que sexan accesibles e facendo posible seu uso.
3. Ofrecer información nos diferentes soportes para satisfacer as necesidades curriculares e culturais.
4. Constituir o ámbito dacordo no que os alumnos/as adquiran as capacidades necesarias para o uso das distintas fontes de información e ofrecer servizos aos mestres para a consecución dos obxectivos pedagóxicos relacionados con este aspecto.
5. Fomentar a lectura como medio de entretemento e información.
6. Actuar de enlace con outras fontes e servizos externos e fomentar o seu uso por parte de alumnos/as e mestres.

¿Que compromisos deben asumir os distintos axentes do proceso da ensinanza-aprendizaxe?

a) A consellería:

Debe crear bibliotecas escolares que poidan cumprir as súas funcións, para o que disporán de suficientes dotacións e de persoal especialmente formado, con dedicación exclusiva.

Deberá desenrolarse, paralelamente, unha campaña de sensibilización social para a formación de lectores.

Crearán un marco legal nítido, decidido e ambicioso que estableza a obrigatoriedade de que tódolos centros educativos non universitarios contén cunha biblioteca entendida como centro de recursos multimedia e que contemple aspectos de persoal, equipamentos, instalacións, horarios, recursos documentais e financiación.

Os Centros de Formación do Profesorado deben introducir nos seus plans de formación permanente cursos de especialización sobre Organización e Dinamización das Bibliotecas Escolares e sobre os distintos aspectos da didáctica da lectura (comprensión lectora, animación á lectura, etc.).

Introducírase, nos plans de estudo dos futuros mestres/as, formación específica en temas como Literatura Infantil, Bibliotecas Escolares, deseño de proxectos globais de lectura, etc.

b) O profesorado:

Estará disposto a introducir na súa labor docente tódolos cambios metodolóxicos que conleva a posta en marcha dunha biblioteca escolar e dunha didáctica baseada no manexo de diferentes fontes documentais e o autoaprendizaxe.

Entenderá e favorecerá as novas relacións que terán que construírse entre docentes e alumnos/as (enriquecemento mutuo, maior flexibilidade, incremento do protagonismo na aprendizaxe...).

Introducírase voluntariamente e con entusiasmo nunha dinámica de autoformación, que o faga apto para poñer en mans dos seus alumnos/as as novas tecnoloxías da información e a comunicación.

Ofrecerá unha maior personalización na súa docencia introducindo ferramentas que favorezan a evolución dos diferentes ritmos e que equilibren as desigualdades.

c) Os alumnos/as:

Estarán dispostos a asumir o papel de protagonistas da súa propia aprendizaxe. Descubrirán a necesidade de desenrolar o máximo as súas propias capacidades e de abrir as súas mentes aos novos coñecementos e as novas tecnoloxías.

Participarán no proceso de ensinanza/aprendizaxe con espírito crítico e creatividade. Serán respectuosos cos ritmos dos demais e saberán descubrir as vantaxes do traballo en equipo e a colaboración con outros estudantes e cos mestres.

d) A.N.P.A:

Contribuirán á creación dun auténtico clima lector na familia e na escola, esixindo e desenrolando tendencias á formación de lectores libres, críticos e creativos.

Frase Celebre:

“Non poden lerse libros se antes non les o mundo”.

OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais propostos dende a biblioteca son os seguintes:

- Incrementar e fortalecer o hábito de lectura do alumnado.
- Fomentar e promocionar a lectura como medio de entretemento e lecer.
- Adquirir hábitos de uso e aproveitamento da biblioteca a través do servizo de préstamo. (Emprego do Proxecto Meiga)
- Desenrolar a fantasía e imaxinación dos alumnos/as a través dos contos.
- Desenvolver a atención, comprensión e concentración coa lectura silenciosa e mellorar as habilidades comunicativas do alumnado.
- Proporcionar a través da lectura unha formación en valores que non supoña discriminación ideolóxica, social, racial, sexista, etc...
- Achegar o alumnado ao uso de distintas fontes de información (libros, programas de ordenador, Internet, revistas, prensa, etc...) para que coñezan e comprendan todo tipo de textos: informativos, científicos, humorísticos, literarios, etc...
- Favorecer hábitos de coidado e respecto polos libros e materiais.
- Desenrolar estratexias no alumnado para a busca, organización e aplicación do material existente na biblioteca.
- Coordinarse co equipo de dinamización da lingua galega
- Coordinarse cos titores na posta en común de actividades que fomenten a lectura
- Crear bibliotecas de aula
- Asesorar ao profesorado facilitándolle o material necesario
- Coordinación coa Biblioteca do concello
- Os titores deberán ter en conta nas súas programacións o plan anual de lectura
- Facer lectores competentes, saber escollera un libro, resumir, aumentar a súa competencia lectora
- Asesorarse coas bibliotecas escolares da consellería

- Asesorarse coas bibliotecas escolares de CFR

6. METODOLOXÍA

A escola, é e debe ser o lugar onde se inicia, fomenta e se consolida o proceso lector como fonte de diversión e instrumento esencial de aprendizaxe.

A metodoloxía que levaremos a cabo e aplicaremos no noso Proxecto Lector será práctica, participativa, interdisciplinar, incluíndo a toda a comunidade escolar e incluso a axentes externos a ela.

Pretendemos partir da motivación e da xustificación da lectura; é dicir, terá un “Por que” e un “Para que”.

Ler por ler non serve para nada se desa lectura, aos nosos alumnos/as nos lle queda formación, información e ocio. Con estas tres premisas tentaremos conquistar que adquiran o hábito lector que os acompañará sempre e co que se cumprirá a máxima: Aprender a aprender.

Para elo, e na medida do posible, antes de calquera actividade lectora traballaremos o ANTES, DURANTE e DESPOIS.

Outros recursos metodolóxicos que teremos claros serán:

En Educación Infantil:

- Partir do vocabulario coñecido polos alumnos/as.
- Utilizar mensaxes claras, sinxelas e próximas aos alumnos/as.
- Coidar a pronunciación e os hábitos de escoita.
- Fomentar a expresión de mensaxes espontáneas en momentos de comunicación grupal.
- Lerlle todo tipo de textos: de tradición, adiviñas, poemas, historias cotiás..
- Deixarlles expresar graficamente as súas intencións de comunicación.
- Fomentar a comprensión oral como medio para conquistar o disfrute da lectura.

En Educación Primaria:

- Potenciar a comprensión lectora, pois non se pode desenrolar o interese lector se non se comprende.
- Contemplar a lectura dende unha perspectiva lúdica, que parta dun xogo previo grupal en dun traballo individual posteriormente.
- Empregar as TICs como medio de información e formación.
- Levar pequenas lecturas para a casa.
- Ler un libro por trimestre en castelán e galego
- Recompilar as producións dos alumnos/as nun libro.
- Empregar o “Antes o “Durante” e o “Despois” en todas as lecturas.
- Facer partícipes a tódolos alumnos/as do “Xornal Escolar”.

7. AVALIACIÓN

É moi importante e necesario avaliar o Proxecto Lector durante a súa posta en práctica para constatar como se vai desenrolando a súa implantación e si se cumpren ou non os obxectivos propostos a curto prazo.

Pretendemos realizar reunións trimestrais cos titores para comprobar como se está levando a cabo no Centro, e as posibles melloras, todo supervisado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.